

# IV PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

2022-2026  
Concello de Ares



XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA  
Fondo Social Europeo  
El FSE invierte en tu futuro



# IV PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

2022 - 2026  
Concello de Ares

**Promove e coordina:**

Concello de Ares e Centro de Información á Muller de Ares

**Financia:**

Concello de Ares

**Elaboración e estudio:**

Lorena Boga García

**Maquetación:**

María Alejandra Rodríguez Ramírez

**Departamentos municipais e outros centros que participan na elaboración:**

- Servizos Sociais ■ Emprego ■ Cultura e Deportes ■ Informática
- Xuventude ■ CPI As Mirandas-Departamento de Orientación
- Centro de Saúde de Ares ■ Movemento asociativo de Ares

# ÍNDICE

<b>1. Saúda do alcalde</b>	<b>1</b>
<b>2. Introducción</b>	<b>3</b>
<b>3. IV Plan de Igualdade</b>	<b>5</b>
Área 1	8
Área 2	14
Área 3	18
Área 4	24
Área 5	28

# 1. SAÚDA DO ALCALDE

A promoción de políticas orientadas a superar a discriminación de xénero e que promovan a igualdade efectiva entre home e mulleres é un deber das administracións locais e institucións públicas.

No municipio de Ares, vense desenvolvendo esta tarefa de forma activa dende o ano 2007, contando cunha Concellería da Muller encargada de levar a cabo e promover políticas de igualdade para acadar a equiparación real entre mulleres e homes. Esta área conta cun Centro de Información a Muller (CIM) acreditado pola Xunta de Galicia, que é un servizo de atención específico que ofrece apoio e asesoramento xurídico e psicolóxico as mulleres, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes. As actividades de prevención e loita contra a violencia de xénero, e a atención a colectivos en risco de exclusión social e en situación de vulnerabilidade son prioritarias no CIM. Desde esta área tense promovido e coordinado a elaboración e estudo do IV Plan de Igualdade do Concello de Ares que pretende ser unha guía que permita levar a cabo dende os diferentes departamentos municipais e axentes sociais, a incorporación dunha mirada de xénero no seus ámbitos de actuación.

Levamos varios anos traballando para avanzar no camiño da igualdade e a consecución dunha sociedade máis democrática e xusta, pero é un camiño que precisamos continuar, e para iso é necesario unha análise que nos permita detectar os cambios necesarios no ámbito local para o avance en materia de igualdade, dando así continuidade aos procesos xa iniciados e mellorando as actuacións que se leven a cabo.

O IV Plan de Igualdade do Concello de Ares pretende ser unha guía operativa para as actuacións dos diferentes departamentos municipais e axentes sociais, que favoreza o pleno exercicio dos dereitos de cidadanía das mulleres e o seu acceso en condicións de igualdade aos distintos ámbitos da vida social, laboral, educativa, cultural, política e económica.

Acadar a igualdade de xénero é unha tarefa aínda pendente na nosa época e tentamos a través deste plan intervir sobre os obstáculos que o impiden. Trátase de insistir na incorporación da perspectiva de xénero no conxunto de accións emprendidas polo Concello e de fortalecer os mecanismos de participación no impulso da igualdade.

**Julio Ignacio Iglesias Redondo**  
Alcalde do Concello de Ares.



## 2. INTRODUCCIÓN

A **igualdade de xénero** non só é un dereito humano fundamental, senón que **é un dos fundamentos esenciais para construír un mundo pacífico, próspero e sostible**, tal e como indica a Axenda 2030 de Nacións Unidas. Son moitas as sociedades que recoñecen formalmente este dereito, pero é imprescindible que a igualdade traspase a formalidade e se exerza de maneira real e efectiva en tódolos ámbitos da vida.

Para elo, elaborouse o **IV Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Ares (2022 - 2026)**, unha folla de ruta, que vén dar cumprimento ao mandato establecido pola nosa lexislación aos poderes públicos de adoptar as medidas necesarias para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Aínda así, a pesar dos numerosos regulamentos xurídicos e dos avances acadados nos últimos anos, a igualdade aínda non é unha realidade.

Esta desigualdade imperante en todos os ámbitos e niveis da vida privada e pública, fundaméntanse en roles, estereotipos e prexuízos de xénero que se entroncan na familia, na educación, nos medios de comunicación, no mundo laboral, etc. **Combater esta realidade implica realizar cambios estruturais** importantes que promovan unha cidadanía crítica e consciente que permita unha transformación social radical.

Deste xeito, o **IV Plan de Igualdade do Concello de Ares pretende ser unha guía** que, de xeito operativo e realista, permita orientar aos diferentes departamentos municipais e axentes sociais, cara a incorporación dunha mirada de xénero no seus ámbitos de actuación que favoreza o pleno exercicio dos dereitos de cidadanía das mulleres e o seu acceso en condicións de igualdade aos distintos ámbitos da vida social, laboral, educativa, cultural, política e económica.

Seguindo esta idea, para a realización do plan fíxose unha exhaustiva diagnose do territorio a través de **metodoloxías tanto cualitativas como cuantitativas**, sendo as primeira a través de entrevistas con diferentes axentes do territorio (persoal técnico do CIM, Servizos Sociais, Cultura, Deporte, Emprego e Informática; orientación do CPI As Mirandas; persoal do Centro de Saúde de Ares e movemento asociativo do municipio); e as segundas a través da consulta de fontes oficiais como o Instituto Nacional de Estatísticas (INE), o Instituto Galego de Estatística (IGE), o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) e o Consello Xeral do Poder Xudicial. Unha vez realizada esta diagnose puidemos **estructurar o plan de traballo en 5 áreas estratéxicas, que contemplan 38 medidas que responden a 12 obxectivos específicos**, todo elo construído con cada unha das partes impulsoras deste IV Plan de Igualdade, co fin de adaptalo o máis posible á realidade local.

Con todo, **estes obxectivos buscan alcanzar os cambios necesarios para o avance en materia de igualdade**, dando así continuidade aos procesos xa iniciados e mellorando aquelas actuacións e programas que se veñen impulsando.

### 3. IV PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE ARES 2022-2026

Tal e como faciamos referencia na introdución, o **IV Plan de Igualdade do Concello de Ares pretende ser unha guía** que, de xeito operativo e realista, permita orientar aos diferentes departamentos municipais e axentes sociais, cara a **incorporación dunha mirada de xénero no seus ámbitos de actuación** que favoreza o pleno exercicio dos dereitos de cidadanía das mulleres e o seu acceso en condicións de igualdade aos distintos ámbitos da vida social, laboral, educativa, cultural, política e económica.

Para a consecución de cada un dos obxectivos estratéxicos e específicos do plan, **elabóranse diferentes medidas de actuación asignadas a distintos departamentos municipais e/ou axentes sociais relevantes** para mellorar a situación da igualdade de xénero no Concello.

Para elo, o IV Plan de Igualdade **estrutúrase en 5 áreas de traballo cos respectivos 5 obxectivos estratéxicos e 12 obxectivos específicos** para acadar a súa consecución. A continuación recóllese un esquema do mesma:

<p><b>ÁREA 1:</b> Perspectiva de xénero na administración local.</p>	<p><b>Obxectivo estratéxico:</b> Transversalizar o enfoque de xénero en todos os departamentos municipais do Concello de Ares.</p> <p><b>Obxectivos específicos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dotar de recursos e ferramentas ao persoal municipal en materia de igualdade de xénero.</li> <li>2. Impulsar a coordinación municipal para a promoción da igualdade de xénero en xeral, e a consecución do IV PIOM en particular.</li> <li>3. Manter e fomentar as sinerxías en materia de igualdade cas diferentes administracións públicas e empresas privadas.</li> </ol>
<p><b>ÁREA 2:</b> Participación activa das mulleres.</p>	<p><b>Obxectivo estratéxico:</b> Promover unha participación social activa de todas as mulleres de Ares, así como o seu apoderamento.</p> <p><b>Obxectivos específicos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fomentar accións de participación persoal e social das mulleres de Ares, independentemente da súa idade.</li> <li>2. Manter espazos que promovan a participación social das mulleres de Ares e incluír neles a perspectiva de xénero.</li> </ol>
<p><b>ÁREA 3:</b> Educación en igualdade.</p>	<p><b>Obxectivo estratéxico:</b> Fomentar unha educación en valores para lograr unha sociedade igualitaria, inclusiva e diversa.</p> <p><b>Obxectivos específicos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fomentar a igualdade de xénero na comunidade educativa.</li> <li>2. Promover un pensamento crítico na cidadanía sobre as desigualdades de xénero.</li> <li>3. Fomentar a corresponsabilidade.</li> <li>4. Iniciar campañas informativas sobre a saúde feminina.</li> </ol>
<p><b>ÁREA 4:</b> Acceso en igualdade ao mercado laboral.</p>	<p><b>Obxectivo estratéxico:</b> Mellorar a empregabilidade das mulleres de Ares.</p> <p><b>Obxectivos específicos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dotar de ferramentas e habilidades cara a empregabilidade das mulleres de Ares.</li> <li>2. Continuar e mellorar os recursos existentes en materia de conciliación.</li> </ol>
<p><b>ÁREA 5:</b> Fomento dunha sociedade libre de violencias machistas.</p>	<p><b>Obxectivo estratéxico:</b> Promover a prevención e eliminación de violencias machistas no Concello de Ares.</p> <p><b>Obxectivos específicos:</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Potenciar a información e formación sobre as violencias machistas como estratexia na súa erradicación.</li> </ol>

# ÁREA 1:

## Perspectiva de xénero na administración local



# OBXECTIVO 1

Transversalizar o enfoque de xénero en todos os departamentos municipais do Concello de Ares.

## Obxectivo específico 1.1.

Dotar de recursos e ferramentas ao persoal municipal en materia de igualdade de xénero.

- Participar nas accións formativas que oferta a administración pública a nivel estatal, autonómico, provincial e/ou local, de xeito que, o **persoal municipal incorpore a perspectiva de xénero nas políticas e accións municipais.**
  - **Departamento ou axente social implicado:** Todos os departamentos municipais do Concello.
- Incorporar **criterios de xénero nos pregos de condicións de contratacións e nas convocatorias e ordes de axudas** dos diferentes departamento municipais.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Todos os departamentos municipais do Concello.
- Implantar medidas para a sensibilización do persoal municipal sobre a importancia de empregar **imaxes e linguaxe inclusivo e non discriminatoria nas comunicacións tanto internas como externas.**
  - **Departamento ou axente social implicado:** Todos os departamentos municipais do Concello.

## Obxectivo específico 1.2.

Impulsar a coordinación municipal para a promoción da igualdade de xénero en xeral, e a consecución do IV PIOM en particular.

- **Difusión do IV PIOM** aos diferentes departamentos do Concello e á poboación.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Alcaldía e a Concellería de Benestar e igualdade.
- Realizar un **informe anual sobre as actividades realizadas en materia de igualdade** por cada un dos departamentos municipais implicados no IV Plan de Igualdade. Remitir anualmente ao correo do CIM (cim@concellodeares.com).
  - **Departamento ou axente social implicado:** CIM, Educación Familiar, Cultura, Deportes, Informática e Emprego.
- Incorporar progresivamente a **variable xénero** na recollida de datos, memorias, estudos, estatísticas e investigacións que se realicen no concello co obxecto de **elaborar programas de actuación tendentes á igualdade.**
  - **Departamento ou axente social implicado:** Todas aquelas nas que se leven a cabo recollida de datos, memorias, estudos, estatísticas e/ou investigacións.
- Creación dun apartado **específico de igualdade de xénero na web municipal.**
  - **Departamento ou axente social implicado:** Informática na creación do espazo e a inserción de contidos e todas as áreas municipais para o envío dos contidos relacionados.



■ Procurar a creación de **partidas orzamentarias** específicas para o **desenvolvemento de iniciativas no eido da igualdade de oportunidades**.

■ **Departamento ou axente social implicado:** As diferentes concellerías municipais.

■ Impulsar a participación das empresas do Concello na **promoción da igualdade de xénero e a prevención das violencias machistas**.

■ **Departamento ou axente social implicado:** Cada un dos departamentos municipais segundo a actividade levada a cabo.

### Obxectivo específico 1.3.

**Manter e fomentar as sinerxías en materia de igualdade coas diferentes administracións públicas e empresas privadas.**

■ Continuar coa **solicitud de axudas e subvencións** aos organismos pertinentes para desenvolver **medidas e actuacións contempladas no IV PIOM** - convocatorias provinciais, autonómicas e nacionais.

■ **Departamento ou axente social implicado:** Todos aqueles departamentos municipais nos que se poida solicitar unha subvención ou axuda en materia de igualdade de xénero dentro do ámbito das súas competencias.

■ **Participar activamente nas campañas** impulsadas dende a administración central, autonómica, provincial ou comarcal, dirixidas a acadar a igualdade de xénero.

■ **Departamento ou axente social implicado:** Todos aqueles departamentos municipais que no seu ámbito de competencia poidan participar.



# ÁREA 2:

## Participación activa das mulleres

🔍 Busca unha profesión

profesoras

enxeñeiras

peixeiras

presidentas

pintoras

científicas



## OBXECTIVO 2


Promover unha participación social activa de todas as mulleres de Ares, así como o seu apoderamento.

### Obxectivo específico 2.1.

Fomentar accións de participación persoal e social das mulleres de Ares, independentemente da súa idade.

- Realización de **accións con conciencia de xénero**, que promovan o autocoidado, a autoestima, as habilidades socio-emocionais, o benestar e o crecemento individual e colectivo, así como o liderado das mulleres de Ares.
  - Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller, tecido asociativo municipal.
- Realizar accións formativas sobre competencias dixitais básicas, uso de internet e redes sociais, co fin de **rachar coa fenda dixital de xénero e mellorar a participación das mulleres no mundo tecnolóxico**, especialmente as mulleres maiores.
  - Departamento ou axente social implicado:** Informática
- Visibilización da **contribución estratéxica actual e pasada das mulleres** no desenvolvemento social, económico, deportivo e cultural de Ares.
  - Departamento ou axente social implicado:** Servizos Sociais, Cultura, Deportes, Emprego. Centro de Información á Muller.

- Promoción do deporte feminino** a través da sensibilización sobre a muller no deporte, impulso das actividades deportivas máis solicitadas pola poboación feminina, e creación de actividades mixtas que promovan a inclusión de mulleres/ nenas en deportes tradicionalmente masculinizados.
  - Departamento ou axente social implicado:** Deportes.
- Continuación do **Programa de Deporte Escolar, en colaboración co Concello de Mugardos**, facendo especial fincapé na inclusión de nenas en deportes tradicionalmente masculinizados.
  - Departamento ou axente social implicado:** Deportes.



## Obxectivo específico 2.2.

Manter espazos que promovan a participación social das mulleres de Ares e incluír neles a perspectiva de xénero.

- **Facilitación do acceso e uso das asociacións de mulleres aos locais sociais e centro socioculturais**, así como de toda aquela asociación o grupo informal que promova a participación feminina.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Alcaldía e as diferentes concellerías municipais.
- **Deseño de accións formativas e dotación de recursos en materia de igualdade** dirixida ao tecido asociativo do concello.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Concellería de Deportes, Educación, Tics e xuventude. Centro de Información á Muller.



# ÁREA 3:

## Educación en igualdade



## OBXECTIVO 3

Fomentar unha educación en valores para lograr unha sociedade igualitaria, inclusiva e diversa.

### Obxectivo específico 3.1.

Fomentar a igualdade de xénero na comunidade educativa.

- Desenvolvemento de **accións dirixidas a promover a igualdade de xénero**, a ruptura de estereotipo e prexuízos, cambios de valores machistas etc. dirixidas ao alumnado de educación infantil, primaria e secundaria.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller, Educación Familiar, CPI As Mirandas.
- **Accións formativas e/ou informativas sobre relacións afectivo-sexuais igualitarias, respectuosas e responsables** para alumnado de educación secundaria.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller, Educación Familiar, CPI As Mirandas.
- **Accións formativas e/ou informativas sobre orientación sexual e identidade de xénero** a alumnado de educación primaria e secundaria.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller, Educación Familiar, CPI As Mirandas.

### Obxectivo específico 3.2.

Promover un pensamento crítico na cidadanía sobre as desigualdades de xénero.

- **Conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller**, con actividades dirixidas a toda a poboación, e coa colaboración e participación da comunidade educativa e do tecido asociativo.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller, CPI As Mirandas, Cultura, Deportes, Informática, Educación Familiar, asociacións de mulleres, xunto coas diferentes concellerías que fagan conmemoración do día.
- **Conmemoración do 28 de xuño, campañas de sensibilización Día Internacional del Orgullo LGBT.**
  - **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller, CPI As Mirandas, Cultura, Deportes, Informática, Educación Familiar.
- **Visibilización da muller en todas as datas sinaladas celebradas na área de cultura** do Concello (días internacionais, cinefórum de verán, alfombras florais, etc.).
  - **Departamento ou axente social implicado:** Área de Cultura
- **Asesoramento sobre parentalidade positiva e educación en igualdade.**
  - **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller.

### Obxectivo específico 3.3.

#### Fomentar a corresponsabilidade.

- **Fomento da corresponsabilidade** na atención e nos cuidados na poboación masculina, e **visibilización da discriminación na responsabilidade** dos mesmos e as consecuencias disto na vida das mulleres.
- **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller.
- **Organización de accións** formativas e/ou informativas nas que se traballe a **atribución discriminatoria de tarefas e responsabilidades** na atención do fogar e do cuidado.
- **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller e CPI As Mirandas.

### Obxectivo específico 3.4.

#### Campañas informativas sobre a saúde feminina.

- **Organización, en colaboración co centro de saúde de Ares,** accións formativas ou informativas nas que se aborde especificamente a **saúde reprodutiva das mulleres.**
- **Departamento ou axente social implicado:** Educación Familiar, Centro de Saúde.
- **Accións** formativas ou informativas nas que se **aborde especificamente a saúde feminina** (cancro de mama, cancro uterino, osteoporose, endometriose, fibromialxia...).
- **Departamento ou axente social implicado:** Educación Familiar, Centro de Saúde.



# ÁREA 4:

## Acceso en igualdad ao mercado laboral



## OBXECTIVO 4

Mellorar e empregabilidade das mulleres de Ares.

### Obxectivo específico 4.1.


Dotar de ferramentas e habilidades cara a empregabilidade ás mulleres de Ares.

- Desenvolvemento de  **cursos específicos orientados á busca de emprego**  nos que se teñan en conta as necesidades formativas das mulleres participantes.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Emprego e Informática.
- Organización de  **accións**  formativas e/ou informativas sobre  **emprendemento feminino** .
  - **Departamento ou axente social implicado:** Emprego.
- Realizar  **accións**  formativas sobre  **competencias dixitais básicas** , así como o uso de internet para a busca de emprego, especialmente dirixidas a mulleres.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Informática.
- Difusión sobre as diferentes  **opcións existentes**  para a obtención do  **graduado en educación secundaria** .
  - **Departamento ou axente social implicado:** Plan de Inclusión Social - Xunta de Galicia, Emprego, Informática.

### Obxectivo específico 4.2.

Continuar e mellorar os recursos existentes en materia de conciliación.

- Continuar ofrecendo o  **servizo de Madrugadores para facilitar a conciliación**  da vida laboral e persoal.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Servizos Sociais.
- Continuar cos  **campamentos de verán como forma de conciliar**  a vida laboral e persoal das familias aresás.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Deportes.
- **Mellora da programación cultural e deportiva de Nadal**  para favorecer a conciliación real da poboación traballadora de Ares.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Cultura e Deportes.





- Outorgamento de **axudas para o pagamento dos servizos de conciliación do concello** (servizo madrugadores, comedor escolar, actividades extraescolares, etc.) a aquelas familias con **rendas máis baixas**.

■ **Departamento ou axente social implicado:** Servizos Sociais.


- **Diagnose participativa** de horarios, lugares e programación das actividades organizadas desde o Concello **en clave de corresponsabilidade para a súa mellora**.

■ **Departamento ou axente social implicado:** Cultura e Deportes.



# ÁREA 5:

## Fomento dunha sociedade libre de violencias machistas



## OBXECTIVO 5

### Promover a prevención e eliminación de violencias machistas no Concello de Ares.

#### Obxectivo específico 5.1.

Potenciar a información e formación sobre as violencias machistas como estratexia na súa erradicación.

- **Mantemento da atención psicolóxica e a atención xurídica do Centro de Información á Muller**, sendo este un recurso asistencial fundamental para a poboación feminina local.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller.
- **Mellorar a organización do servizo CIM**, valorando a posibilidade de incremento de horario no servizo de atención xurídica, así como valorar a inclusión da figura da dirección e do asesoramento xurídico na elaboración da RPT municipal.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Concello de Ares.
- Continuar coa **conmemoración do 25 de Novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero**, incluíndo actividades de sensibilización para a loita contra calquera tipo de violencia cara as mulleres.
  - **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller, Cultura, Deportes, Servizos Sociais, Informática, asociacións de mulleres.

■ Continuar coa realización de actividades dirixidas á prevención das violencias machistas, para a poboación xeral e os centros de ensino en particular, que **fomenten os valores de igualdade e non discriminación**, facendo fincapé nas violencias dixitais e na educación afectivo sexual.


■ **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller, CPI As Mirandas.

■ Inclusión na páxina Web de **advertencias que fomenten a concienciación e identificación das violencias machistas** no seo da parella.

■ **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller, Informática.

■ Continuar coa **organización das Xornadas sobre Violencia de Xénero do Concello de Ares**, como espazo de referencia e de encontro para o persoal técnico da comarca e provincia.

■ **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller.




■ Organización de **actividades de información e sensibilización sobre as causas e efectos das diversas violencias machistas** e as manifestacións destas, dirixidas á cidadanía.

■ **Departamento ou axente social implicado:** Centro de Información á Muller.

■ Fomento do **traballo en rede coa Policía Local de Ares e a Garda Civil** no seo das violencias machistas e violencia dixital, a través de faladoiros, obradoiros, etc., que incidan na poboación xuvenil.

■ **Departamento ou axente social implicado:** Policía Local de Ares e Garda Civil Plan Director, Centro de Información á Muller, CPI As Mirandas.





# IV PLAN DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES 2022 - 2026 Concello de Ares

Centro da Información á Muller (CIM)  
Praza da Constitución s/n, C.P.: 15624  
Ares, A Coruña  
Telf: 981 448 354  
[cim@concellodeares.com](mailto:cim@concellodeares.com)